Esta tarde, ás 20 horas, o presidente da Deputación Provincial, Xosé Luis Baltar Pumar, e o alcalde do Concello de Verín, Juan Manuel Jiménez Morán, inaugurarán a segunda fase das obras de reforma da área pública situada fronte ao estadio José Arjiz de Verín, cuxo custo ascendeu a un total de 140.829, 29 euros. Devandita área está conformada por un parque público, unha pista de baloncesto, un espazo para os maiores que inclúe aparellos de rehabilitación e unha zona de xogos para os/as nenos/as.

Ademais, o rexedor anunciou en rolda de prensa que, próximamente, se construirán unha pista deportiva e un parque infantil no barrio 1º de Maio, e que se renovarán todas as áreas infantís do municipio de Verín.